

VIAXE CULTURAL A CANTABRIA-BURGOS

DÍAS: 3, 4, 5 de abril de 2024.

ALOXAMENTO EN SANTILLANA DEL MAR: Hotel *Posada Camino de Altamira*. Avenida Marcelino Sanz de Sautuola, 10. Teléfono: 942 84 01 38

ALOXAMENTO EN CARRIÓN DE LOS CONDES: Albergue *Río Carrión*. Plaza Marcelino Champagñat, 1. Teléfono: 686 96 12 82

DÍA 3:

- **Saída Xove ás 8:00** (pégase estar 10 minutos antes da saída). Recollida ó alumnado de Burela sobre as 08:30h da mañá.
- Visita á cova do Soplao ás 12:00h
- Xantar por conta do alumnado
- Visita guiada ás localidades de Comillas e Santillana del Mar.
- Aloxamento en Cantabria (hotel Posada Camino de Altamira) con cea e almorzo do día seguinte incluídos.

DÍA 4:

- Viaxe de Cantabria a Burgos para visitar ás 12:45h a actividade Paleolítico Vivo.
- Xantar nas inmediacións
- 16:00h: Museo da Evolución Humana en Atapuerca.
- 18:00h visita ao casco histórico da cidade en tren turístico.
- Aloxamento con cea e almorzo do día seguinte

DÍA 5:

- Regreso a Burela con parada en León para unha visita rápida
- Xantar en ruta
- Chegada a media tarde

.....

Antes de comezar o noso percorrido é convinte adquirir uns pequenos coñecementos previos:

CUEVA DE "EL SOPLAO": trátase dunha cova situada nos concellos de [Valdáliga](#) e [Rionansa](#), en [Cantabria](#), que alberga formacións xeolóxicas nos seus 20 kilómetros de lonxitude total, aínda que só 4 están abertos ao público. Nela atópanse formacións pouco común como [estalactitas](#) que desafían a gravidade, e *draperies* (sabas ou bandeiras traslúcidas colgando do teito). A súa formación data do [Mesozoico](#), concretamente do período [Cretácico](#), hai 240 millóns de anos.

A cavidade foi descuberta accidentalmente durante as labores de perforación [mineira](#), sendo aproveitada posteriormente para a extracción de minerais. Os mineiros denominaban *soplaos* ás cavidades kársticas que cortaban nos seus traballos e que creaban fortes correntes de aire. Durante a súa explotación moitas familias da zona vivían cos ingresos que obtiñan desa actividade mineira, compaxinada coa gandaría. Despois de décadas de abandono, o [1 de xullo de 2005](#) o [Goberno de Cantabria](#) abriuna ao público.

.....

SANTILLANA DEL MAR: esta vila é coñecida co sobrenome de “vila das tres mentiras” porque non é Santa, nin “llana” nin ten mar aínda que o seu municipio si o ten. Esta zona estivo habitada desde a Prehistoria, aparecendo nela varios vestixios arqueolóxicos entre os que destaca a cova de Altamira, descuberta en [1879](#).

Ten a súa orixe na Alta Idade Media, en torno á abadía de Santa Juliana, que no século XI pasou a ser [colexiata](#). Desde entón, recibiu moitos privilexios e doazóns dos reis de Castela, converténdose na máis importante da Cantabria medieval. O seu estilo é románico foi erixida na súa maior parte, a mediados do século XII. A súa estrutura segue o modelo do Románico do Camiño de Santiago; e a parte máis destacada do conxunto é o seu claustro, en particular polos seus 42 capiteis románicos.

En [1445](#) o rei de Castela deulle o señorío da vila ao primeiro marqués de Santillana e aos seus sucesores, ceándose así o [marquesado](#) de Santillana. A finais do século [XVI](#) e durante o [XVII](#) construíronse a maioría das casas que se conservan hoxe en día. Foi declarada conxunto histórico-artístico en 1889.

Destacan ademais da súa colexiata e da cova de Altamira (a “Capela Sixtina” da arte prehistórica), incluída na lista do Patrimonio da Humanidade da UNESCO en 1985, a “Casa del Águila y la Parra”, edificio do século XV e un dos máis antigos da cidade, coñecido polos seus escudos de armas na fachada; e o Palacio dos Velarde, pazo barroco do século XVIII, coñecido pola súa fachada ornamental e os seus xardíns. O seu casco antigo é un laberinto de rúas empedradas e edificios históricos.

Non podemos esquecer comer **sobaos e quesadas**, xa que esta vila é coñecida por estes dous postres tradicionais.

.....

COMILLAS é un concello e unha vila cántabra que destaca polos seus edificios medievais e barrocos e tamén por ser un dos poucos lugares fóra de Cataluña no que traballaron artistas modernistas como os cataláns Gaudí e Domenech i Montaner. Aquí estivo a **Universidade Pontificia** ata o seu traslado a Madrid; os seus antigos edificios son un exemplo do modernismo da localidade. Na actualidade, é un campus da Universidade de Cantabria.

Desde a segunda metade do século XIX, a familia real española comezou a pasar o verán en Comillas, e como consecuencia, tamén o fixo unha gran parte da nobreza. Destacan ademais,

- O edificio chamado Capricho de Gaudí, no que sobresaen os mosaicos de xirasoles. Ademais, ao lado do mesmo, está a estatua do propio Gaudí.
- A fachada principal do cemiterio, monumento desde 1983. Na súa reforma interveu Domènech i Montaner.
- Palacio de Sobrellano ou do marqués de Comillas, obra do arquitecto catalán Joan Martorell. O edificio é de estilo neogótico e posúe no seu interior mobles deseñados por Gaudí e pinturas de Eduardo Llorens. As esculturas do exterior son de Joan Roig (escultor catalán de estilo barroco).

.....

ATAPUERCA: Museo da Evolución Humana (MEH). Realízase un percorrido pola evolución humana, tanto biolóxica como cultural. Ademais, poden verse os fósiles orixinais máis emblemáticos atopados na serra de Atapuerca, así como os diferentes ecosistemas da serra e a súa evolución ao longo da prehistoria.

PALEOLÍTICO VIVO. Trátase dun safari onde vivir unha experiencia de inmersión na Prehistoria mediante a contemplación de paisaxe e fauna: bisontes europeos, cabalos prehistóricos Przewalski, réplicas de campamentos e fósiles, etc. A visita comeza en Salguero de Juarros, moi cerca de Atapuerca, e pódese visitar o complexo en vehículos 4x4 o a pe en rutas sinxelas e guiadas. A visita en vehículos 4x4 dura unhas dúas horas e media e pódense ve todas as zonas onde están os animais.

CASCO HISTÓRICO DE BURGOS

A Praza Maior é o centro da cidade e onde se atopa o edificio do Concello. A avenida do Espolón leva ata o Arco de Santa María, unha das entradas da cidade por onde saíu o Cid no seu desterro. Hai que destacar tamén o Palacio dos Condestables de Castela, onde os Reis Católicos recibiron a Colón tralo seu segundo viaxe a América.

Unha das formas máis prácticas de recorrer o casco histórico e facelo abordo do **Chu Chú Tren**, que sae da praza da Catedral.

Na praza do rei San Fernando podemos ver a igrexa de San Nicolás así como a imponente **catedral**, a primeira gótica da Península e Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Dentro, podemos xogar a ver o Papamoscas, unha figura situada no alto da nave maior que cada hora en punto move o brazo e fai soar unha campá. Tamén podemos contemplar as famosas vidrieras e visitar a tumba do Cid Campeador.

CARRIÓN DE LOS CONDES

Cidade de orixe medieval e moi importante nas rutas xacobeas. O edificio máis representativo é a igrexa de Santiago, famosa polo seu espléndido Cristo en Maxestade ou Pantocrátor.

LEÓN:

O máis significativo é a súa **catedral**, da que din que é irmá da de Burgos, xa que as dúas se inspiraron na catedral de Reims (Francia). O máis impresionante son as súas vidrieras.

Curiosidade: unha vez dentro, fíxate nun pelexo que hai colgado na Porta de San Xoan. Din que é dunha toupa. A lenda conta que durante a construción da catedral, a cimentación complicouse porque estes animais destruían durante a noite o traballo que se facía polo día. Así que os leoneses matáronos todos a paos para logo colgar o pelexo dun deles na devandita porta.

A muralla: trátase dunha muralla romana e aínda que a de Ávila sexa máis famosa, a de León é unha das máis antigas de España. Como curiosidade, verás que na parte que se atopa detrás da catedral, aínda hoxe hai casas habitadas pegadas á propia muralla, algo moi común hai anos pero que xa non é fácil de ver.